

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARNOTA

*Acordo do Pleno do Concello de Carnota polo que se aproba definitivamente a modificación da relación de postos de Traballo*

#### ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

Concluindo a aprobación da modificación da Relación de Postos de Traballo deste Concello, polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 26 de abril de 2024, e sendo aprobada corrección de erro material en sesión do día 7 de xuño de 2024.

De conformidade co establecido no artigo 127 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por medio do presente anuncio, procédese á publicación íntegra da mencionada modificación. A Relación de Postos de Traballo, na súa integridade, publicouse no Boletín Oficial da Provincia núm. 53, de data 18/03/2016.

Contra o Acordo plenario, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante o Pleno do Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, advirte que, se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer a persoa interesada calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

#### MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

Amortización dos seguintes cinco postos de traballo

CÓDIGO	01.01.03.
DENOMINACIÓN	SUBALTERNO-ALGUACIL
ADSCRICIÓN	SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN XERAL; SECCIÓN DE SECRETARÍA, ORGANIZACIÓN INTERNA E ADMINISTRACIÓN XERAL
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/SUBESCALA	A.X. (SUBALTERNA)
GRUPO	A.P.
OBSERVACIÓNS	ESIXENCIA DE PERMISO DE CONDUCIR CLASE B PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN VINCULADO A SEGUNDA ACTIVIDADE

CÓDIGO	01.02.02.
DENOMINACIÓN	ADMINISTRATIVO/A
ADSCRICIÓN	SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN XERAL; SECCIÓN DE INTERVENCIÓN, CONTACILIDADE E XESTIÓN PRESUPOSTARIA
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/SUBESCALA	A.X. (ADTVA.)
GRUPO	C1
OBSERVACIÓNS	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN VINCULADO A SEGUNDA ACTIVIDADE

CÓDIGO	00.02.
DENOMINACIÓN	TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL
ADSCRICIÓN	
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/SUBESCALA	A.X. (TÉCNICA)
GRUPO	A1
OBSERVACIÓNS	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE

CÓDIGO	04.00.02
DENOMINACIÓN	ENCARGADO/A DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS
ADSCRICIÓN	SERVIZO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS.
TIPO DE PERSOAL	L
ESCALA/SUBESCALA	
GRUPO	C2
OBSERVACIÓNS	ESIXENCIA DE PERMISO DE CONCURDIR DE TIPO B (xunto cos permisos especiais que, de ser o caso, poidan ser esixidos para a provisión e cobertura do postos, segundo a maquinaria e/ou vehículos dispoñibles, en cada momento, e cuxo uso e/ou conducción lle resulte esixible).

CÓDIGO	04.02.02.
DENOMINACIÓN	CONSERXE
ADSCRICIÓN	SERVIZO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS; BRIGADA DE CONSERXERÍA E LIMPEZA DE INSTALACIÓNS
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/SUBESCALA	A.E. (S.E./COMETIDOS ESPECIAIS)
GRUPO	A.P
OBSERVACIÓNS	A RECLASIFICAR NA SUBESCALA SUBALTERNA DE ADMINISTRACIÓN XERAL ESIXENCIA DE PERMISO DE CONCURDIR DE CLASE B

En Carnota a 12 de xuño de 2024

O alcalde

Juan Manuel Saborido Rama

2024/4154